

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 14drsuspprocesoselectivoarquitecto

Asunto: Suspensión temporal proceso selectivo 1 praza de Arquitecto/a

DECRETO NÚMERO 14010525 do 18/11/2014

Excmo. Sr. Don JOSE CLEMENTE LOPEZ OROZCO.- Alcalde- Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Polo Decreto de Alcaldía nº 14009388 do 16/10/2014, resolveuse aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no procedemento selectivo, para a cobertura en propiedade dunha praza de Arquitecto/a, convocado polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce obrante no Libro de Resolucións e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 052, do 3 de marzo de 2012 e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, en quenda libre, fixándose o lugar, data e hora de comezo dos exercicios, do seguinte xeito:

-Constitución do Tribunal: O martes, 9 de decembro de 2014, ás 10 horas no Despacho do Secretario Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, sito na Casa Consistorial.

- O primeiro dos exercicios desenvolverase o venres, 12 de decembro de 2014, ás 10 horas no Salón de Actos do Centro Sociocultural Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros, s/n.

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 252, de 3 de novembro de 2014.

Visto que o pasado 17 de outubro de 2014 D. Angel Riva Cabanas, funcionario do Concello de Lugo con categoría de arquitecto presentou un escrito onde solicita a súa abstención como membro (suplente) do Tribunal no procedemento selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, dunha praza de arquitecto/a.

De igual xeito, visto que o 13 de novembro de 2014, Don Pablo Fuentes Failde solicitou se admita a súa abstención para formar parte do Tribunal cualificador no proceso selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, dunha praza de Arquitecto/a.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polos decretos números 14003100 e 14004468, de datas do 31 de marzo e do 12 de maio de 2014, respectivamente, **RESOLVE:**

A suspensión do proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en tanto non se proceda á resolución das solicitudes de abstención presentadas por varios membros do Tribunal do citado procedemento selectivo.

Cúmprase.